



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ADOPTADA CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

No ano 1975, a ONU celebrou por primeira vez o 8 de marzo como Día Internacional das Mulleres. Esta data, que desde comezos do século XX recolleu no calendario internacional as reivindicacións dos movementos feministas e de mulleres, adquiriu a partir dese ano unha dimensión institucional e os poderes públicos comezaron a utilizala de forma global para difundir os dereitos das mulleres e as actuacións públicas dirixidas a promover a igualdade de xénero.

A conmemoración do 8 de marzo implica necesariamente un recoñecemento da historia das mulleres, así como das imprescindibles contribucións sociais e políticas dos movementos feministas á nosa sociedade. O recoñecemento tamén dunha loita social que comezou hai máis de tres séculos cun obxectivo fundamental: a plena cidadanía das mulleres. Hoxe queremos lembrarnos especialmente e amosar o noso agradecemento a todas as mulleres que na nosa cidade se teñen implicado nesta loita e tamén na defensa da democracia, xusto nos momentos máis críticos. Mulleres comprometidas e valentes, que en moitos casos foron invisibilizadas de forma inxusta.

Porén, este día continúa a ser tamén unha data para a reflexión e a reivindicación, pois a pesar dos avances logrados o camiño cara a igualdade efectiva de mulleres e homes prevese aínda longo e non exento de dificultades. Neste senso, convén lembrar que son múltiples as desigualdades de xénero presentes na nosa sociedade. A precarización das condicións laborais das mulleres e a crecente feminización da pobreza constitúen algunhas das manifestacións máis preocupantes das ditas desigualdades. Así, dende o comezo da crise económica produciuse un incremento considerable da porcentaxe de mulleres galegas con xornadas parciais (24,3%), con contratos temporais (26,8%) e de moi escasa duración (o 30,9% dos contratos a mulleres duraron menos dunha semana) (EPA, IGE, 2015), etc, empeorando non só as condicións físicas do traballo senón tamén as salariais.



Resulta especialmente preocupante que a denominada fenda salarial entre mulleres e homes, lonxe de diminuír, se incrementase en máis de dous puntos dende o ano 2008, situándose actualmente nun 23,4% (Enquisa Anual de Salarios, INE, 2015). Non debemos esquecer que estas condicións de traballo repercuten directamente na contía das prestacións sociais e tamén nas pensións, abocándoas a elas a menores ingresos que os homes cando fican sen traballo ou deixan de traballar: a mulleres beneficiarias de prestación por desemprego son menos e a contía desta prestación é un 18,2% inferior á dos homes (AEAT, 2015) e a contía das pensións de xubilación das galegas é un 38% inferior á dos galegos (IGE, 2014).

A esta situación de desigualdade sobre as condicións laborais das mulleres debemos engadir todo o traballo non retribuído que realizan no eido familiar. Segundo datos do INE (2015), o 94% das mulleres destinan parte do seu tempo ao coidado do fogar e da familia, empregando ao ano unha media de 84 días máis que os homes a estas tarefas. Para poder abordar estas desigualdades é imprescindible que dende os poderes públicos fagamos todo o posible para avanzar cara a un modelo económico e de organización social que poña no centro as persoas, que recoñeza o valor social dos coidados, que promova a corresponsabilidade dos homes nesta labor e que facilite a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Non podemos tampouco nesta declaración deixar de amosar de novo a nosa repulsa absoluta cara ás violencias machistas, a expresión máis extrema das desigualdades de xénero que viven as mulleres e un dos problemas máis graves que debe afrontar actualmente a nosa sociedade. Deter este feminicidio deber ser unha prioridade política para todos os poderes públicos e temos que ser capaces de artellar urxentemente unha resposta unánime e firme. Por iso, debe ser prioritario que a loita contra as violencias machistas sexa cuestión de Estado e que se atenda dun xeito integral, facendo especial fincapé na educación en todas as etapas do ensino e a prevención.

E nunha data como esta tamén temos que facer unha defensa firme da liberdade de elección das mulleres sobre a súa maternidade, recoñecendo e respectando os dereitos sexuais e reproductivos. Hoxe, como cada día do ano, reclamamos o dereito



a elixir se as mulleres queren ser nais, pero tamén a non selo. Así, esiximos acceder a uns recursos públicos de calidade e axeitados, tanto cando van ser nais como cando interrompen o seu embarazo, por decisión propia ou por cuestións médicas.

Por todo isto, o Día Internacional das Mulleres debe ser tamén un día de compromiso, que sirva para reafirmar coa cidadanía a convicción do Concello de Santiago de Compostela de seguir impulsando cantas accións sexan precisas para alcanzar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes, contribuíndo así á construción dunha sociedade máis democrática e máis xusta. Porén, para que este avance sexa posible precísase do traballo conxunto e continuado da sociedade, das mulleres e dos homes, do tecido asociativo, dos partidos políticos e dos poderes públicos. Por iso, desexamos que esta declaración transcenda o propio marco temporal do mes de marzo e se converta nunha actitude constante e permanente que presida a nosa acción todos os meses do ano.